

# **PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS ADAPTADAS CURSO 2019-2020**

**CENTRO: C.E.I.P.P. SOBREIRA-VALADARES  
CURSOS: 3º, 4º, 5º e 6º PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA EXTRANXEIRA, INGLÉS  
DATA: 8 MAIO.**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

### 3º PRIMARIA

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### Criterio de avaliación

### Estándar de aprendizaxe

### LINGUA INGLESA

-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

-Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorno), relacións interpersoais (familiares, de amizade, escolares) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre eles a unha comprensión adecuada do texto.

-Identificar o sentido xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns, sempre que se poida reler ou pedir aclaracións e se conte con apoio visual e contextual.

-Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).

-Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses, e inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

- Formula hipóteses sobre o contido de textos sinxelos partindo dos seus coñecementos previos, das ilustracións, do título, dos elementos gráficos, etc.

- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús ou anuncios.

- Comprende unha secuencia moi breve e sinxela de instrucións para realizar p. e. unha receita moi sinxela.

-Recoñece os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación escrita (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).

<p>-Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma, interrogación, exclamación), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, \$, £), e identificar os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.</p>	
<p>-Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</p> <p>-Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos concretos e significativos e aplicalos a unha produción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas.</p> <p>-Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e moi sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con certa frecuencia a forma correcta das convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de sí mesmo, do seu contorno máis inmediato e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares e predicibles.</p>	<p>- Comprende o esencial e os puntos principais de textos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (animais, deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).</p>
<p>Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche dunha carta, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos).</p>	<p>- Completa formularios marcando opcións e completando datos ou outro tipo de información persoal (p. e. gustos, títulos de contos lidos, opinións, etc).</p>
<p>-Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.</p> <p>-Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “and/or”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na</p>	<p>-É capaz de construír textos narrativos sinxelos partindo de modelos e/ou de etapas moi estruturadas.</p>

<p>concordancia (empezando a empregar o presente continuo, o verbo " have got", o presente simple...)</p>	
<p>-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>-Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos) na que felicita a alguén, ou fala de si mesmo e do seu contorno inmediato (familia, amigos, obxectos, lugares, días da semana e meses).</p>

## 4º PRIMARIA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>LINGUA INGLESA</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Responder as preguntas do docente sobre os temas traballados na aula.</li> <li>- Contestar a preguntas pessoais.</li> <li>- Dicar as horas en punto , e media e cartos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende as fórmulas básicas de relación social.</li> <li>- Distingue o inicio e peche dunha conversación.</li> <li>- Comprende expresións para saudar, nome, idade e actividades favoritas.</li> <li>- Comprende a hora e preguntas sobre a hora.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer estruturas sintácticas e os seus significados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Distingue as frases afirmativas e negativas.</li> <li>- Comprende as preguntas do docente sobre os temas traballados na aula.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe palabras sinxelas.</li> <li>- Escribe frases sinxelas a partir dunha estrutura modelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende a expresión da existencia de obxectos, da cantidade até 20 elementos.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido global dun texto escrito.</li> <li>- Identificar información relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende as preguntas do docente sobre os temas traballados na aula.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar o sentido xeral, o vocabulario e as expresións principais en textos orais moi breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, con apoio visual e coa posibilidade de repetición.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sabe usar os números do 1 ao 20.</li> <li>- Sabe dicir a hora e preguntar.</li> <li>- Utiliza as frases afirmativas e negativas para responder a preguntas.</li> <li>- Responde as preguntas sinxelas.</li> <li>- Utiliza o léxico básico de temas relacionados coas propias experiencias, en contextos cotiáns predicibles con apoio visual (imaxes, fotografías, obxectos reais, etc.).</li> </ul>	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 14	CENTRO:C.E.I.P.:SOBREIRA -VALADARES MATERIA: LINGUA INGLESA

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia e inferir do contexto os significados probables do vocabulario descoñecido.</li> <li>- Recoñecer estruturas sintácticas e os seus significado.</li> <li>- Preguntar pola nacionalidade das persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reconoce distintas nacionalidades e os seus símbolos.</li> <li>- Sabe preguntar pola procedencia das persoas. O seu idioma.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Comprende textos escritos relativos aos temas traballados.</li> <li>- Comprende preguntas escritas.</li> <li>- Entende frases escritas relativas ao vocabulario traballado na unidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar o tema e comprender o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos moi breves e sinxelos.</li> <li>- Distinguir a función comunicativa do texto.</li>   <li>- Recoñecer estruturas sintácticas e os seus significados asociados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe frases sinxelas utilizando o vocabulario e as estruturas da unidade.</li> <li>- Escribe palabras e oracións sinxelas.</li> <li>- Realiza adecuadamente xogos de léxico con material impreso ou dixital.</li> <li>- Mostra interese por aprender a escribir o léxico traballado e elabora glosarios.</li>   <li>- Localiza palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico), ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.).</li> <li>- Sabe describir os diferentes espazos dentro do colexio.</li> <li>- Sabe describir o horario para cada día.</li> <li>- Identifica a roupa e as actividades que se corresponden con cada estación do ano.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Describir unha cidade ou pobo dicindo os diferentes sitios que hai ou non.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribe palabras e oracións sinxelas describindo o que hay nas cidades e pobos.</li> <li>- Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para ler.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar o tema e comprender o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos moi breves e sinxelos.</li> <li>- Distinguir a función comunicativa do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sabe pedir obxectos, axuda e permiso.</li> <li>- Sabe expresar e preguntar sobre gustos en relación coa comida.</li> <li>- Sabe pedir comida nun restaurante.</li> <li>- Sabe preguntar polo prezo dos alimentos.</li> <li>- Sabe expresar hábitos de alimentación (horarios, rutinas, etc.).</li> <li>- Sabe expresar a localización dos obxectos, animais ou persoas.</li> <li>- Sabe describir animais dicindo lo que tienen</li> </ul>

## 5º DE PRIMARIA

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

#### Criterio de avaliación

#### Estándar de aprendizaxe

#### LINGUA INGLESA

-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.

- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), condicións de vida (vivenda, contorno), relación interpersoais (familiares, de amizade, escolares), comportamentos (xestos habituais, uso da voz.), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre eles a unha comprensión adecuada do texto.

- Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.

- Manifestar aprecio pola lingua como medio de comunicarse con persoas de outros lugares.

- Manexar estruturas sintácticas básicas ( presente simple e continuo, verbo have got, uso dos adverbios de frecuencia, preposicións...) aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en , p.e. ,tempos verbais ou na concordancia.

- -Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais

-Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.

- Responde adecuadamente en situacións de comunicación ( saúdo, preguntas sinxelas sobre si mesmo, petición ou ofrecementos de obxectos, expresión do que lle gusta ou non, do que está facendo, do lugar onde está situado algo ou expresa cómo pódese chegar a un sitio nunha cidade..

-Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.

-Valora a lingua escrita como medio de comunicación.

-Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías, publicidade, folletos turísticos...

- Comprende correspondencia (correos electrónicos, páxinas web, cartas..) breve e simple que trate sobre temas familiares cmo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.)

- Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.



signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.	--Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
- Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p-e- , copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións que se perseguen.	Fai presentacións breves e sinxelas, sobre temas cotiás ou do seu interese (preséntase e presenta a outras persoas, da información sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase, seu menú favorito, o aspecto exterior dun obxecto ou dun animal; di o que lle gusta e non lle gusta) usando estruturas moi sinxelas)
- Manexar estruturas sintácticas básicas ( usando conectores then , so , but, because...) aínda que se sigan cometendo erros nos tempos verbais e na concordancia.)	- Escribe textos-sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal
- Empregar as novas tecnoloxías para comunicarse e buscar e atopar informacions varias( paxinas web, diferentes Aps...)	-Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita.
- Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentacións e transmitir información	Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata
	- Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.

## 6º PRIMARIA INGLÉS

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>LINGUA INGLESA</b>	
<p>-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>-Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre os mesmos a unha comprensión adecuada do texto.</p> <p>-Identificar o tema e sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en impresos como dixitais, moi breves e sinxelos, con estruturas simples, en lingua estándar e cun léxico de uso moi frecuente, sobre temas moi familiares e cotiáns ou de necesidade inmediata, sempre que se poida reler, consultar un dicionario e se conte con apoio visual e contextual.</p> <p>-Coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos (p. ex. as convencións sobre o inicio e peche dunha carta a persoas coñecidas), e aplicarlos a unha produción escrita adecuada ao contexto, respectando as normas de cortesía básicas.</p>	<p>-Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p> <p>- Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. ex. estrutura interrogativa para demandar información</p> <p>- Distinguir a función comunicativa ou funcións comunicativas principais do texto (p. ex. unha felicitación, unha demanda de información, ou un ofrecemento) e un repertorio básico limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. ex. inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).</p>
<p>- Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo ou da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións moi familiares e predicibles.</p>	<p>- Constrúe en papel ou soporte dixital textos curtos e sinxelos para falar de sí mesmo e da súa contorna e de aspectos da vida cotiá .</p>
<p>Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. ex. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e</p>	<p>-Coñece e aplica as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen</p>

de patróns discursivos básicos (p. ex. saúdos para inicio e despedida para peche dunha carta, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos	
- Manexar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “and” “then”, “but”, “because”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática, p. ex. nos tempos verbáis ou na concordancia.	-Identifica as estruturas sintácticas básicas , os tempos verbáis (presente simple e continuo, futuro próximo, pasado simple...) ,así como o uso dos conectores básicos para construír frases sinxelas .
-Coñecer e utilizar un repertorio básico e limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	-Recoñece un repertorio básico e limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses, e inferir do contexto e da información contida no texto os significados probable de palabras e expresións que se descoñecen.
-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	-Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais, coa condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento lecturas adaptadas, cómics, etc.
. Completar un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	-Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (p. ex. para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico, etc.).

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	A avaliación será principalmente formativa e diagnóstica de cara a facilitar o traballo do comezo do vindeiro curso, e tomando como referencia a información proporcionada polas familias, os materiais que nos podan chegar (fotografías das tarefas, vídeos, audios...), e a observación directa que se poda facer nas videochamadas grupais. Non se realizarán probas obxectivas.
<b>Cualificación final</b>	A cualificación de final de curso para estas materias estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais, e dicir, non haberá variacións salvo en casos excepcionais no que un alumno ou alumna con algunha materia pendente demostre unha melloría significativa que lle supoña aprobar a materia.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma cualificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	Envíanse diariamente diferentes propostas , alternando fichas para imprimir. fichas interactivas e actividades pendentes do noso libro de traballo, o Activity Book para .Tamén refórzanse as competencias traballadas durante o 1º e 2º trimestre a través de lecturas, vídeos , cancións, receitas de cociña, etc
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As tarefas publícanse diariamente no apartado de cada curso da web do centro organizado en posts diarios, para que o alumnado adquira a rutina de entrar na web e manteña os lazos coa escola (na medida das posibilidades e das circunstancias persoais de cada familia).</p> <p>Realízanse unha ou dous reunións semanáis coa plataforma Cisco webex para manter o contacto cos alumno, aclarar dúbidas sobre as tarefas, explicar algún exercicio, etc</p> <p>Cada semana publícanse na páxina web as fichas e traballos coas correccións das mesmas para que os alumnos podan autocorrexirse e confrontar os seus erros e acertos.</p> <p>Os alumnos, ás veces coa axuda dos pais , mandan ao correo da clase as súas fichas e as fotografías dos seus traballos, para despois responderlle o profesor.</p> <p>Para o alumnado que non ten conexión envíaselle o traballo por correo ordinario.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Fichas de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editoriais. Enlaces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado de primaria.</p> <p>Para o alumnado NEAE, o DO adapta o material que propón a titora e aporta materiais específicos, ademais de atención e orientacións para as familias.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través das vías de comunicación habituais empregadas ata o momento (correo electrónico, AbalarMóbil e teléfono), comunicarase as familias a adaptación da programación didáctica que levamos a cabo para este terceiro trimestre.
<b>Publicidade</b>	A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.

